

LATINA DICTA:

AB

“PER CAPITA”


VSQVE AD

“SIC TRANSIT GLORIA
MVNDI”

PER CAPITA

“Por cabezas”

**Úsase en estatísticas,
como “renda *per capita*”, “consumo *per capita*”. En galego e
castelán acéptase a
forma adaptada “per
cápita”**



POST DATA



“Despois dos datos”

En varios tipos de mensaxe, anotación ó final para engadir algo que se considera á parte do texto principal. En galego adóitase escribir todo xunto (postdata), e tamén se acepta a forma adaptada “posdata” (a mesma situación dáse no castelán)



“Despois da morte”

**En Medicina, exames e
actuacións sobre os
cadáveres**


POST MORTEM

PRIMVS INTER PARES

“Primeiro entre iguais”

**Dentro dun grupo de
persoas que ostentan
cargos de igual rango,
designa aquela que
detenta a presidencia,
mais só por
necesidade
organizativa, sen
autoridade efectiva
sobre os demais**





**Primum vivere deinde
philosophare**

**“Primeiro viver,
logo filosofar”**


PRIMUM VIVERE, DEINDE PHILOSOPHARE

PRO INDIVISO

**“En estado non
dividido”**

**Dise da propiedade
que pertence a varios
donos sen dividir
fisicamente a parte
que corresponde a
cadaquén**





**“O que a natureza non dá, a Universidade de Salamanca
non o proporciona”**

I. e., “De onde non hai, non se pode sacar”

QVOD NATVRA NON DAT SALMANTICA NON PRAESTAT

QVORVM

“Dos cales”



Extraída da expresión *quorum praesentia sufficit*, “(aqueles) cuxa presenza abonda”. Indica o número mínimo necesario para que unha assemblea poida tomar acordos válidos. Ás veces tamén se escoita “temos *quorum*” como equivalente de “somos suficientes”



RARA AVIS



“Ave rara”

**Dise dunha persoa ou
cousa case única no
seu xénero**

R.I.P. (REQVIESCAT IN PACE)



“Descanse en paz”

Empregada nas lápidas sepulcrais

“O que debe ser confirmado”

**Consulta que os poderes
públicos fan ó corpo
electoral na que se debe
votar “si” ou “non” (ou en
branco) en torno a unha
cuestión concreta**



REFERENDUM



**Siglas de *Senatus
Populusque Romanus* (“O
Senado e o pobo
romano”), que levaban as
lexións no seus
estandartes, para
significar que loitaban
baixo a autoridade das
institucións lexítimas de
Roma**

S.P.Q.R.

SI VIS PACEM, PARA BELLUM

“Se queres a paz, prepara a guerra”

Frase do tratadista militar romano Vexecio (s. IV d.C.); nela proponse que a mellor maneira de previr a guerra é estar preparado para ela, pois así os inimigos o han pensar dúas veces antes de atacar.

Unha mentalidade pacifista preferirá a variante *Si vis pacem, para pacem*





“Así pasa a gloria do mundo”

**Durante a cerimonia da
coroación papal un monxe
sostén unha vara en cuxo
extremo arde unha peza de
liño. Cando remata de
consumirse, o monxe
pronuncia esta frase,
advertindo ó Papa do pasaxeiro
de todas as cousas deste
mundo**

SIC TRANSIT GLORIA MVNDI

Créditos das imaxes:

-Diapositiva 2:

http://www.grida.no/graphicslib/thumbs/1805c933-493c-4b85-be16-ad06eb342332/medium/emissions-of-co2-per-capita-1990-selected-countries_3468.gif

-Diapositiva 3:

<http://www.misgafasdepasta.com/wp-content/uploads/2013/04/postdata-project02-480x256.jpeg>

-Diapositiva 4:

<http://www.definicionabc.com/wp-content/uploads/2015/04/Rigor-mortis.jpeg>

-Diapositiva 5:

<http://www.swsz.katowice.pl/Image/primus%20inter%20pares.jpg>

-Diapositiva 6:

<http://image.slidesharecdn.com/qr-140527051358-phpapp02/95/frases-llatines-qui-que-i-robert-4-638.jpg?cb=1401167692>

-Diapositiva 7:

http://www.proindiviso.es/templates/system/img/ft_ej_caja_2.jpg

-Diapositiva 8:

https://31.media.tumblr.com/4baf15076904e3b20e032f209491a8b3/tumblr_inline_n8v52dsWQW1sapd1k.jpg

-Diapositiva 9:

http://www.grida.no/graphicslib/thumbs/1805c933-493c-4b85-be16-ad06eb342332/medium/emissions-of-co2-per-capita-1990-selected-countries_3468.gif

-Diapositiva 10:

<http://www.raraavis.krakow.pl/logo03sz.jpg>

-Diapositiva 11:

<http://vignette3.wikia.nocookie.net/mortalengines/images/8/8e/Rip.jpg/revision/latest?cb=20140807221244>

-Diapositiva 12:

<http://previews.123rf.com/images/tribalium123/tribalium1231304/tribalium123130400096/19317088-votar-en-el-refer-ndum-ilustraci-n-de-un-cuadro-de-la-boleta-poner-una-balota-de-votaci-n-en-una-ran-Foto-de-archivo.jpg>

-Diapositiva 13:

<http://vignette3.wikia.nocookie.net/monsaventinus/images/4/44/Spqr-big-red-png.png/revision/latest?cb=20080222085209>

-Diapositiva 14:

<http://www.keltibur.com/rdn/images/products/originals/sivispacem.jpg>

-Diapositiva 15:

<http://www.bestmoodle.net/widgets/images/roll/roll086.jpg>